



**CONCELLO DE BOIRO – Alcaldía**  
Praza de Galicia s/n  
Boiro, 15930  
Tf.981.844800/ 981.849960 ext.1205  
Fax 981844008  
[alcaldia@boiro.org](mailto:alcaldia@boiro.org)

8 DE MARZO

### DIA INTERNACIONAL MULLER TRABALLADORA

O día internacional da muller é unha oportunidade para reflexionar sobre os avances acadados, esixir cambios e celebrar os actos de valor e decisión de mulleres que desempeñan unha función extraordinaria.

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o goberno municipal do Concello de Boiro quere reafirmar o seu compromiso ca igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Este 8 de marzo o noso compromiso pola igualdade debe ser máis firme ca nunca, redobrando os nosos esforzos na procura do progreso laboral e social das mulleres, traballando pola eliminación dos obstáculos que limitan aínda a súa participación e o aproveitamento de todo o seu talento.

Somos conscientes de que seguen existindo moitos obstáculos para desenvolver unha vida persoal e familiar harmónica e unha actividade profesional plena, e que estes obstáculos afectan particularmente as mulleres.

Así mesmo, o goberno de Boiro, quere ratificarse no seu compromiso de seguir traballando e potenciando todas aquelas accións que faciliten a compatibilización da vida familiar, persoal e laboral das mulleres.

Este goberno, quere sumarse a tódalas voces que claman por un futuro en igualdade e exento de violencia de xénero, xa que a súa erradicación é determinante para camiñar cara a igualdade real entre homes e mulleres.

Reafirmámonos no compromiso de previr e condenar as condutas discriminatorias apostando por políticas que faciliten a redución da brecha salarial, a conciliación da vida familiar e laboral, o fomento da corresponsabilidade familiar, e a loita contra a violencia exercida sobre as mulleres sexa do tipo que sexa.



Insistimos na necesidade de que continúen implantándose políticas encamiñadas a fomentar o emprego e o emprendemento feminino, máis educación para a igualdade de oportunidades, maior incorporación das mulleres na sociedade da información e máis apoio as mulleres que viven no ámbito rural.

Como Concello sumámonos a campaña “Os Concellos galegos polo bo trato” comprometéndonos co decálogo elaborado pola Federación Galega de Municipios e provincias en colaboración co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia e que recolle os valores que deben estar presentes no día a día municipal e que axudarán a promover actitudes a prol da igualdade entre mulleres e homes.

1. Empregando linguaxe libre de connotacións sexistas.
2. Integrando a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
3. Difundindo unha imaxe non sexista da muller .
4. Traballando entre a poboación máis nova a prevención da violencia machista e os valores de igualdade e respecto.
5. Fomentando a corresponsabilidade nas tarefas e a ética no coidado, tanto de menores como de persoas dependentes .
6. Identificando e emendando as deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.
7. Respectando a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal .
8. Promovendo unha representación equilibrada de mulleres e homes en tribunais, xurados, comités e comisións .
9. Rexeitando a contratación de actividades nas que se promova unha imaxe sexista da muller, E
10. Prestando especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade .